



Expte. 3.392/440

DESTINATARIO:
MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO:

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE:

OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA E GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAÍDOS.
FASE II

INFORME:

A mesa de contratación celebrada o pasado 15 de setembro realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

- | | |
|---|---|
| 1. OBRASCON HUARTE LAIN, S.A. | 9. VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. |
| 2. UTE FERROVIAL-CASTRO | 10. UTE CNES OREGA S.L. - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. |
| 3. UTE DRAGADOS S.A. - ORECO, S.A. | 11. COPCISA, S.A. |
| 4. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA | 12. UTE IZMAR SLU – OGMIOS PROYECTO, S.L. - UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. |
| 5. UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U. | 13. CONSTRUCCIONES SAN JOSÉ- |
| 6. UTE CD INDEPO S.L.U. - AVAN INTEGRAL S.L. -HIDROMIÑO, S.L. | |
| 7. CIVISGLOBAL, S.L.U. | |
| 8. UTE MANTEN S.L. - ALDESA CONSTRUCCIONES, S.A. | |

A.- REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 7.A DAS FEC, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

A) CONTIDO SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: Puntuación máxima 18 puntos.

Comprenderá os seguintes **apartados**:

- a) **Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar**: Se valorará con ata **6 puntos**.

Incluirá:





Expte. 3.392/440

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra describindo as actividades importantes da execución da mesma.
- Condicionantes definidos no proxecto.
- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes especificados nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

b) **Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador:** Se valorará con ata **6 puntos**.

Incluirá:

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatolóxicos, usos específicos do entorno).
- As medidas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno. Ditos aspectos recóllense no proxectos de maneira indicativa, polo cal deben detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

c) **Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra:** Se valorará con ata **6 puntos**.

Incluirá:

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.
- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

O licitador poderá axuntar toda a información gráfica e específica da obra que considere oportuna relativa ós tres puntos anteriores.

Requisitos para a presentación da documentación relativa a este criterio (Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra):

- Se presentará nun único arquivo dixital de como máximo 10 MB, cun máximo de 60 follas por unha cara (se terán en conta todos as follas que o compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas).
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado Memoria Construtiva (MC).

Páx. 2 de 71





Expte. 3.392/440

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: Se valorará con máximo de 5 puntos.

Comprenderá os seguintes **apartados**:

- a) **Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto:** Se valorará con ata **3 puntos**.

Incluirá a descrición analítica e detallada de:

- As medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.
- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a súa execución.

Todas estas actuacións deberán ter unha relación directa co obxecto da obra.

- b) **Plan de auto control interno da empresa:** Se valorará con ata **2 puntos**.

Incluirá a descrición analítica e detallada de:

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.
- Organización dedicada ao control de calidade.

Requisitos para a presentación da documentación relativa a este criterio (Plan de Control de Calidade):

- Se presentará nun único arquivo dixital de como máximo 5 MB, con máximo de 20 follas a unha cara en tamaño DIN A4 (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, caratulas, gráficos, e demais follas incorporadas).
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente ao Plan de Control de Calidade (PCC).

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: Se valorará con ata un máximo de 4 puntos.

Comprenderá os seguintes **apartados**:

- α) **Memoria descriptiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas..** Se valorará con ata **2 puntos**.





Expte. 3.392/440

β) **Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado.** Se valorará con ata **2 puntos**.

As medidas que se contemplan nos dous puntos anteriores deberán adaptarse as peculiaridades propias desta obra.

Requisitos para a presentación da documentación relativa a este criterio (Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais):

- Se presentará nun único arquivo dixital de como máximo 5 MB, cun máximo de 20 follas a unha cara en tamaño DIN A4 (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, caratulas, gráficos, e demais follas incorporadas).
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente ao Plan de Aforro Enerxético (PAE).

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA: Se valorará cun máximo de 3 puntos.

Comprenderá os seguintes **apartados**:

α) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra.

Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

En particular, especificaranse os profesionais que vaian intervir como xefes de obra (valorarase que sexa titulado técnico superior), responsable de produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio e resto de persoal, valorándose a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acreditada en obras similares tanto en características construtivas como en orzamento.

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execución da obra en función das competencias de cada un.

Requisitos para a presentación da documentación relativa a este criterio (Equipo Técnico adscrito a Obra):

- Se presentará nun único arquivo dixital de como máximo 5 MB, cun máximo de 20 follas a unha cara en tamaño DIN A4 (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas).
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2015 10:46	Páxina 4 de 71
	Expediente 3392/440	Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 3.392/440

caracteres”); sobre B; apartado correspondente ao Equipo Técnico adscrito a Obra (ET).

A **puntuación** dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes **regras**:

1. Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada criterio ás propostas que desenvolvan todos os puntos que inclúe cun alto grado de detalle e análise, e coa representación gráfica adecuada.
2. Descontarase un 30 % da puntuación máxima prevista para o criterio, ás propostas que non conteñan un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no mesmo. Esta valoración poderá ser minorada cun 15 % da puntuación máxima do criterio, por cada un dos puntos incluídos no mesmo e non desenvolvidos, ou no caso de que a súa xustificación non se adecúe ó obxecto do criterio a avaliar. Estes descontos serán acumulativos, no entanto, non poderá descontarse máis que a puntuación máxima previstas para o criterio a avaliar.
3. A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando as propostas conteñan aspectos contraditorios internos tanto en relación ó contido do criterio como en relación co proxecto, ou ben non recollan ningunha aportación a maiores das establecidas no propio proxecto de obra.

As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo.

De acordo co disposto no artigo 150.4 do TRLCSP, establece-se un **umbral mínimo de puntuación a alcanzar nos criterios avaliados mediante xuízo de valor**. Serán excluídas do proceso de licitación as ofertas consideradas con calidade técnica inadecuada por non acadar o 40 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar mediante xuízo de valor, un mínimo de 12 puntos..

De acordo cos aspectos indicados no presente informe, a continuación detállase a valoración realizada para cada unha das empresas licitadoras:

Páx. 5 de 71



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 5 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
Empresa OBRASCON HUARTE LAIN, S.A. (OHL).**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 5,77 MB e 60 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 18 puntos.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos.

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra, describindo as actividades importante da execucion da mesma.

A memoria presenta unha descrición xeral do entorno, e da grada de Tribuna existente.

A continuación presentase unha descrición das actuacións a levar a cabo no proxecto con escasa información gráfica. Presentase tamén una distribución en catro fases sen ter en conta ningún dos condicionantes do entorno e unha detallada descrición de tódolos procesos constructivos a realizar.

Se considera un correcto desenvolvemento dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta, sen excesiva extensión.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Se citan os seguintes: Valados de seguridade, funcionamento do campo e orden de execución, con escaso desenrolo de cada un.

Se considera que non se desenvolve nin extensamente nin correctamente este apartado.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execucion da obra.

Para os tres condicionantes indicados no apartado anterior se xustifica escasamente a incidencia de cada un.

Se considera que a xustificación é escasa e non se adecua convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar graduación.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento en xeral pouco detallado dos diferentes puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes como dos condicionantes, polo que se **desconta un 30% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais se considera que non se desenvolve convenientemente os condicionantes polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais non se desenvolve convenientemente o grado de*





Expte. 3.392/440

incidencia dos condicionantes polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de 2,4 PUNTOS.

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 6 puntos.

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxias, usos específicos do entorno).

Relacionase as diferentes afeccións que existen no tráfico rodado, con indicación da afección ao transporte colectivo e o tráfico peonil e de bicis.

En canto aos factores climatolóxicos, plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas.

Contemplase o calendario de actividades do estadio.

Se considera un desenvolvemento detallado e gráfico das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico e climatoloxía. No relativo a usos do entorno non se detalla.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno . Ditos aspectos reconllense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Plantea o licitador a execución da obra en catro fases sen ter en conta o uso do estadio: fase 1 vestuarios, fase 2 demolición cuberta, fase 3 montaxe nova cuberta e fase 4 zona baixo tribuna e palcos.

Incluese unha distribución gráfica do campamento de obra atendendo ao resto de condicionantes do entorno, con diferentes zonas de acopio.

Presenta unha proposta gráfica de circulación rodada e de transporte colectivo de bus urbano. Tamén se inclue de peóns e proposta de valado e posicionamento de grúas.

Se consideran adecuadas e detalladas as medidas adoptadas, apoiadas en abundante información gráfica.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado; tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente os condicionantes externos do entorno da obra no referente a usos do entorno polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de 5,1 PUNTOS.





Expte. 3.392/440

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos.

- **A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.**

Indicase as actividades asociadas a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos rendementos das unidades e equipos pero non se desenvolve as relativas a persoal e instalacións.

- **A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.**

Aporta un extenso diagrama de Gant con todas as unidades de obra e indicación do camiño crítico con diagrama de holguras.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia, salvo no relativo a planificación de medios persoais, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, e de instalacións polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado alcanzando unha puntuación de **4,2 PUNTOS**.*

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,36 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **5 puntos**.*

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- **Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.**

Inclúese unha escasa relación de unidades de obra a controlar.

Considerase que non se desenvolve en detalle as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar, xa que unicamente presenta unha relación de unidades de obra a controlar.





Expte. 3.392/440

- **Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a execución.**

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensaios, con indicación de presuposto. Recolle ensaios de revisión do proxecto de execución (Estructura, instalacións existentes e asistencia técnica), diversidade ampla de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (Estructura de formigón, metálica, albañilería, pavimentos...), diversidade de ensaios de avaliación dos elementos de contorno (estado de conservación estrutura formigón, , instalacións, xeotécnico...) e tamén recolle diversidade ampla de ensaios de unidades de control de execución.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras, control de execución, estado existente do contorno e de revisión das hipóteses de proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos, pero botase en falta o desenvolvemento das medidas para garantir a calidade polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Así mesmo presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, cunha adecuada proposta de ensaios de control das condicións de contorno e das comprobacións de proxecto polo que se alcanza unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- **Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.**

Indicase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.

Inclúese unha relación de aspectos a controlar con indicación da normativa aplicable, así como relación de puntos de inspección e control de materiais. Se inclúe desenvolvemento doutros procedementos, como Análisis de riscos, adquisicións, control de comunicacións, control de equipos de inspección, medición e ensaios, non conformidades e auditorías.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- **Organización adicada ao control de calidade.**

Inclúese organigrama e aseguramento da calidade xenérico con descripcións xenericas das funcións de cada un deles.

Non se presenta un adecuado desenvolvemento da organización adicada ao control de calidade xa que se plantexa un organigrama xenérico.





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considerase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos, salvo no referente a organización adicada ao control de calidade, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,36 MB e 19 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 4 puntos**.

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético e redución de consumo de auga . Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas. Plantexase o volume a recoller de cada tipo de residuo que aparecerá na obra, e o seu tratamento e indicación específica da ubicación do punto limpio.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 10 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

*considerase un desenvolvemento detallado e adaptado a realidade da obra, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,56 MB e 17 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 3 puntos.

a) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

O licitador únicamente presenta un organigrama adecuado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra.

Non se detalla o organigrama según o avance temporal das obras nin especificacións según as fases de obras, nin se describe as funcións de cada persoa.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio o resto do persoal, valoraranse a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acreditada en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Proponse un equipo técnico composto de 3 técnicos superiores e 5 técnicos de grado medio, coa dispoñibilidade 100% do xefe de obra e de produción e parcial o resto de técnicos. Non presentan experiencia en obras similares.

Considerase adecuada a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolvemento da obra, se embargo éstos non acreditan excesiva experiencia en obras similares.

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un. Existe compromiso específico.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Respecto ao primeiro apartado, non se considera desenvolvemento temporalmente o organigrama, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Tampouco se presenta detallada descripción dos cometidos de cada un na execución da mesma, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais os técnicos propostos non presentan cualificación acreditada en obras similares, polo que tampouco se considera desenvolvemento este punto, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,65 PUNTOS**.*





Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
UTE FERROVIAL-CASTRO.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA:

Na páxina 20 deste arquivo, o licitador inclúe un apartado de **Melloras**, onde recolle unha relación dalgunha das melloras incluídas no anexo III do PCAP indicando que as executará. Textualmente:

“Mejoras.

Se realizará la instalación de megafonía de sala de prensa marca Óptimus.

Se colocarán calefactores infrarojos murales en palcos, modelo MHS2400 de Heatstrip o similar, especialmente diseñados para crear áreas de confort en recintos exteriores mediante calor localizado por emisiones infrarrojas.

Se colocarán asientos tipo Daplast modelo VIP Club en palcos VIP y sala de prensa.

Se colocarán asientos tipo Daplast modelo Avatar en grada de preferencia.

Se colocará una sauna completa tipo A-18 Carfer en vestuario de equipo local.

Se instalarán conjuntos de **puertas correderas de tres carriles de aluminio lacado**, anodizado, color a definir por la Dirección Facultativa, con un espesor mínimo de 15 micras, tipo CORTIZO COR60 o similar y acristalamiento con vidrio laminar 6+6mm, tipo climalit, en el exterior y en el interior antivandálica.

Revestimiento de fachada de plancha de Panel Composite de aluminio CORTIZO-STACBONDR FR de 2,3mm de espesor total, o similar, acabado a definir por la Dirección Facultativa, formada por doble lámina de aluminio de 0,21mm de espesor; con acabado superficial lacado tricapa en color a elegir por la Dirección Facultativa, PVDF Kynar 500 (polivinilo fluorado) (70/30) con alta resistencia a la corrosión para ambientes particularmente agresivos para garantizar una durabilidad no menor a 20 años. Se ejecutarán todos los remates y elementos especiales, mediante formación de piezas del mismo panel u otros sistemas, y con juntas para asegurar la libre dilatación.

Sistema de fijación tipo gremache ciego ISO 15977 D.5x12, Al/Inox SFS AP14-S-5,0x12 Cab.14mm_h.

Para el sistema de fijación se tendrá en cuenta el DB SE-AE Acción del viento del CTE, considerando el grado de aspereza del entorno para la obtención del coeficiente de exposición. Instalado con modulación horizontal y/o vertical, dejando unas entrecalles entre bandejas de 8-10mm, todo ello mediante sistema de remaches duplicados respecto a los necesarios por cálculo y fijados a estructura primaria de obra, para su perfecta fijación y para soportar vientos de velocidad superior a 180km/h.”

Páx. 12 de 71



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 12 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

*As Melloras ofertadas é un criterio dos recollidos no PCAP, como **avaliabile a través de fórmula**, e según se indica no apartado 9.B) das FEC, deben ofertarse coas unidades previstas, sin minorar nin aumentar estas, polo que o licitador nos párrafos citados está detallando inequivocamente nesta fase de criterios avaliabile mediante xuízo de valor, información que é avaliabile a través de fórmula.*

*Na **cláusula 13-Forma en que deben presentarse a documentación e as proposicións** do PCAP, no seu apartado “b) sobre B: proposición avaliabile mediante xuízo de valor” se indica o seguinte:*

“A Mesa, en resolución motivada, excluirá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

➤ A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a traves da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC.”

*Tendo en conta o anterior, **non se valora a proposición presentada pola UTE FERROVIAL-CASTRO**, por incluír no sobre B información dos criterios que se valoran mediante fórmula é que deben ser aportados dentro do sobre C e aperturados con posterioridade a valoración da documentación recollida no sobre B.*

*Desta circunstancia **dáselle traslado a Mesa de contratación, para que tome as medidas oportunas.***





Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
UTE DRAGADOS, S.A. - ORECO, S.A.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 8,71 MB e 60 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 18 puntos.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos.

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra, describindo as actividades importante da execucion da mesma.

A memoria presenta unha descrición xeral da obra detallado con abundante información gráfica. Descríbense así mesmo as actuacións do proxecto e os procesos construtivos máis importantes. Destaca: 1) demolicións, 2) estrutura, 3) Cuberta de fachada e 4) outros, como: particións, revestimentos verticais, teitos e instalacións. Todo elo se presenta con abundante información gráfica.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Destaca 3 tipos de condicionantes: 1) derivados da propia execución, 2) condicionantes externos e 3) condicionantes administrativos. Relaciona cada un con proposta de solución específica. Entre outros se fala da estabilidade dos elementos estruturais na fase de demolición, a inundación existente na futura zona de vestuarios, a coordinación cos partidos e actividades propias do estadio. Relacionase así mesmo as obrigas recollidas no PCAP.

Se considera unha adecuada exposición dos principais condicionantes cun desenvolvemento detallado.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execucion da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra,

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

*Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta e dos condicionantes. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,1 PUNTOS**.*

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 6 puntos.

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxias, usos específicos do entorno).

Preséntase un plano detallado da distribución de tódalas instancias da grada e extenso reportaxe fotográfico dos diferentes estancias de esta e os seus usos, que se poden ver afectadas pola obra. Ademáis contemplase o calendario de actividades do estadio.

En canto ao tráfico presentase un análise da circulación do entorno do estadio.

Da climatoloxía, plantéxase coeficientes reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas.

Se considera un desenvolvemento detallado e gráfico das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico e usos do entorno e climatoloxia.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno . Ditos aspectos recollense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Plantea o licitador a execución da obra en tres fases tendo en conta a afección a usuarios, etapa 1 e 2 inclúe as actuacións sobre as semigradas, e a etapa Cuberta que comeza trala finalización da temporada de liga de fútbol.

Inclúese unha distribución gráfica do campamento de obra atendendo ao resto de condicionantes do entorno, ubicado no lateral da grada de marcador, e propón o emprego dunha parcela da súa propiedade en Lavadores, como almacén para minimizar o de obra.

Presenta graficamente unha proposta de circulación por fases de obra.

Inclúense medidas de reordenación dos locais existentes no estadio durante as obras, dependendo das diferentes etapas prantexadas.

Inclúese relación de fontes de suministro de materiais e subcontratistas.

Se consideran adecuadas e detalladas as medidas consideradas, apoiadas en abundante información gráfica.





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica, polo que se alcanza unha puntuación de **6 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

Presenta a oferta un organigrama do persoal, con inclusión de histograma.

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra.

Dimensionase o espazo necesario de acopios e instalacións necesarias do campamento de obra, así como da maquinaria máis pesada.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

Aporta un extenso diagrama de Gant con todas as unidades de obra e indicación do camiño crítico con diagrama de holguras.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia, polo que neste apartado alcanza unha puntuación de **6 PUNTOS**.*

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 3,50 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **5 puntos**.*

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.





Expte. 3.392/440

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Preséntase procedemento de planificación, execución e mellora con indicación gráfica das diferentes medidas a realizar na obra para garantir a calidade.

Considérase que se desenvolve convenientemente as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a execución.

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensaios, segundo presuposto adxunto por subcontrata. Recolle diversidade ampla de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra de saneamento, cuberta, acondicionamento xeral (materiais, reparacións, hormigón). Recolle diversidade ampla de ensaios de unidades de control de execución.

Considérase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras e control de execución, sen embargo non propoñen ensaios de comprobación das hipótesis de proxecto nin de comprobación da estrutura existente durante o avance da obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase que presenta un desenvolvemento das medidas para control e garantir a calidade, ademais presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, pero non plantexa unha adecuada proposta de ensaios de control das condicións de contorno existente nin das comprobacións de proxecto polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, polo que se alcanza unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

Indicase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.

Inclúese unha relación de aspectos a controlar con indicación da normativa aplicable, así como relación de puntos de inspección e criterios de muestreo técnico e de aceptación e rechazo que se deben seguir tendo en conta o obxecto da obra.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización adicada ao control de calidade.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2015 10:46	Páxina 17 de 71
	Expediente 3392/440	Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 3.392/440

Incluese organigrama e aseguramento da calidade con descrições das funcións de cada un dos postos, e asignación de persoas e descripción de material necesario.

Preséntase un adecuado e detallado desenrolo da organización adicada ao control de calidade.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos dentro do plan de auto control interno da empresa, polo que neste apartado se alcanza unha puntuación de **2 PUNTOS**.*

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,81 MB e 18 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 4 puntos**.*

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga, redución de consumo de combustibles e outros materiais. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

Se destaca tamén que o licitador posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.*

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado, o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas.

Propónse ubicación de punto limpo no lateral da grada de marcador.





Expte. 3.392/440

Para o tratamento de parte dos residuos a empresa pon a disposición parcela propia ubicada dentro do municipio de Vigo, indícase así mesmo os recorridos de transporte de residuos. Ademais presenta relación de empresas autorizadas colaboradoras da UTE.

Indícanse procesos xenéricos de reciclado según a tipoloxía de material e indicación de que contratarán machacadora para estas labores.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considérase un desenvolvemento detallado e adaptado a realidade da obra, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA: *O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,88 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 3 puntos**.*

a) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos.

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

O licitador presenta un organigrama adecuado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Así mesmo presenta unha detallada descripción das funcións de cada un.

Non se detalla o organigrama según o avance temporal das obras nin especificacións según as fases de obras.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio o resto do persoal, valorarase a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acreditada en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Proponse un equipo técnico composto de 9 técnicos superiores e 3 técnicos de grado medio, con unha dispoñibilidade do 100%, e ampla experiencia en obras similares como a ampliación do campo de fútbol de Getafe (5 millóns de euros), campo de fútbol de Pasarón (14 millóns de euros), Estadio de Gran Canaria (22 millóns de euros)...etc

Considerase adecuado a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolvemento da obra e experiencia en obras similares.

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un.

Existe compromiso específico.





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Preséntase un desenvolvemento detallado do equipo técnico proposto. Respecto ao primer apartado, non se considera desenvolto temporalmente o organigrama, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 20 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 8,72 MB e 60 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **18 puntos**.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos.

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra, describindo as actividades importante da execución da mesma.

A memoria presenta unha descrición xeral da grada existente con abundante información gráfica, como punto de partida ao ser a actuación unha obra de remodelación. A continuación presentase unha ampla descrición das actuacións a levar a cabo no proxecto con esquemas gráficos detallados

Descríbense así mesmo os procesos construtivos máis importantes. Destaca: 1) demolición completa da cuberta, que inclúe o apuntalamiento de góndolas, desolidarización e eslingado dos elementos, izado de góndolas, demolición e retirada de escombros e demolición de pilares e 2) estrutura de malla espacial, con especificacións de estrutura portante, pechamento exterior, izado...etc. Todo elo se presenta con abundante información gráfica.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Ao longo da exposición destacase entre outros: a estabilidade dos elementos estruturais na fase de demolición, a coordinación cos partidos e actividades propias do estadio, a afección ao cespede do terreo de xogo e o desprazamento dos locais afectados.

Se considera unha adecuada exposición dos principais condicionantes cun desenvolvemento detallado.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutra escala de influencia na obra,

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

Páx. 21 de 71



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 21 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta e dos condicionantes. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,1 PUNTOS**.*

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 6 puntos.

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxías, usos específicos do entorno).

Relacionase as diferentes afeccións que existen no tráfico: rodado con indicación da afección ao transporte colectivo e aparcamento e existencia de festas no entorno do estadio.

Indícanse os principais usos do entorno destacando a zona industrial con referencia a Citroen.

En canto aos factores climatolóxicos, plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas.

Contemplase o calendario de actividades do estadio.

Se considera un desenvolvemento detallado e gráfico das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico, usos do entorno e climatoloxía.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno . Ditós aspectos recollense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Plantea o licitador a execución da obra en tres fases tendo en conta a afección a usuarios e partidos: fase 1, reforma de locais e accesos, construción de baños e vestuarios, fase 2, unha vez rematada a liga: actuación de cuberta, palcos entre outros e fase 3 cubrición, ascensor e probas de funcionamento.

Inclúese unha distribución gráfica do campamento de obra atendendo ao resto de condicionantes do entorno, diferenciado según as fases de obra, ubicado na grada de Celtarras.

Presenta unha proposta gráfica de circulación por fases, modificación de parada de bus urbano, e de aparcamento en superficie e proposta de implantación e acceso de maquinaria.

Inclúese compromiso de empresas suministradoras e subcontratistas.

Se considera adecuadas e detalladas as medidas consideradas, apoiadas en abundante información gráfica e resumos das propostas.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 22 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica, polo que se alcanza unha puntuación de **6 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

Presenta a oferta un organigrama do persoal, con inclusión de histograma.

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra.

Dimensionase o espazo necesario de acopios e instalacións necesarias do campamento de obra, así como da maquinaria máis pesada.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

Aporta un diagrama de Gant con todas as unidades de obra e indicación do camiño crítico. Non se recolle diagrama de holguras do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación salvo no relativo ao camiño crítico, que non se detalla coa representación dun diagrama de holguras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia, salvo no relativo ao camiño crítico que se considera que non está correctamente desenvolto, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,1 PUNTOS**.*

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,41 MB e 19 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **5 puntos**.*





Expte. 3.392/440

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- **Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.**

Presentanse as seguintes medidas, con desenrolo de cada unha: Revisión do contrato, emision dos documentos de calidade, control da documentación e datos, controis e probas finais, control do acopio, almacenamento e manipulación de materiais, inspección e ensaios no proxecto, controis e probas finais. Ademáis se inclúe o control de equipos de medida e ensaio, no conformidades e accións correctivas, fragmentación da obra, rexistros de calidade, auditorías internas de calidade, informes a DF-AT e dereitos de acceso.

Considerase que se desenvolve convenientemente as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

- **Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a execución.**

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensaios, con indicación de presuposto. Recolle ensaios de revisión do proxecto de execución (Estructura, instalacións existentes e asistencia técnica), diversidade ampla de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (Estructura de formigón, metálica, albañilería, pavimentos...), diversidade de ensaios de avaliación dos elementos de contorno (estado de conservación estrutura formigón, , instalacións, xeotécnico...) e tamén recolle diversidade ampla de ensaios de unidades de control de execución.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras, control de execución, estado existente do contorno e de revisión das hipótesis de proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que presenta un desenvolvemento das medidas para controlar e garantir a calidade, ademáis presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, cunha adecuada proposta de ensaios de control das condicións de contorno e das comprobacións de proxecto polo que se alcanza unha puntuación de **3 PUNTOS**.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- **Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.**

Indicase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.





Expte. 3.392/440

Incluese unha relación dos procedementos a seguir relacionados directamente coa obra, en concreto: Descrición da obra, Organización da obra e distribución de funcións, revisión do proxecto, compras, divisións e identificación das unidades de obra, control de materiais, plan de ensaios e probas finais, control de procesos, listado de planos e listado de non conformidades, listado de medicións, arquivo de documentación, auditorías internas reclamacións de clientes. Todos estes se detalla o procedemento a seguir.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización adicada ao control de calidade.

Incluese organigrama e aseguramento da calidade con descripcións das funcións de cada un dos postos, e asignación de persoas e descripción de material necesario.

Presentase un adecuado e detallado desenrolo da organización adicada ao control de calidade.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos dentro do plan de auto control interno da empresa, polo que neste apartado se alcanza unha puntuación de **2 PUNTOS**.*

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,92 MB e 19 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 4 puntos.

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga e redución de consumo de combustibles e outros materiais. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

Se destaca tamén que o licitador posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 25 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

b) Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas.

Plantexase o volume a recoller de cada tipo de residuo que aparecerá na obra, con indicación da súa medición específica para a obra en cuestión, e o seu tratamento.

Para o tratamento de parte dos residuos a empresa presenta compromiso cunha relación de empresas autorizadas colaboradoras.

Indícanse procesos xenéricos de reciclado según a tipoloxía de material.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase un desenvolvemento detallado e adaptado a realidade da obra, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,60 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 3 puntos**.

a) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos.

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

O licitador presenta un organigrama adecuado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Así mesmo presenta unha detallada descripción das funcións de cada un.

Non se detalla o organigrama según o avance temporal das obras nin especificacións según as fases de obras.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio o resto do persoal, valoraranse a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acreditada en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Propónse un equipo técnico composto de 5 técnicos superiores e 11 técnicos de grado medio, coa dispoñibilidade que precise a obra, e experiencia en obras similares que queda demostrada coa execución da primeira fase da presente obra, a execución da grada de preferencia do Estadio de Balaidos, ou construción de dous estadios en Chile (30 millóns de euros).

Páx. 26 de 71



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 26 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

Considerase adecuado a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolvemento da obra e experiencia en obras similares.

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un.
Existe compromiso específico.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Presentase un desenvolvemento detallado do equipo técnico proposto. Respecto ao primeiro apartado, non se considera desenvolvemento temporalmente o organigrama, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.*





Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ,
S.L.U.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 8,63 MB e 48 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 18 puntos.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra, describindo as actividades importante da execución da mesma.

A memoria presenta unha descrición xeral da obra detallado con abundante información gráfica. Descríbense así mesmo os procesos construtivos máis importantes, con escasa exposición gráfica e escrita.

Se considera exposición adecuada dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta, pero con escaso desenvolvemento e xustificación.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Destaca como condicionantes, detallando a xustificación, os seguintes: -Prazo e programación tendo en conta o calendario de usos do estadio para a súa compatibilidade, -Estudios técnicos da actual cuberta para garantir a estabilidade, -Prazos de fabricación e premontaxe da nova estrutura metálica, -Compatibilidade de uso de viais e exterior do estadio.

Tamén se desenrolan como condicionantes o estado actual das diferentes instalacións e da grada de preferencia executada recentemente.

Se considera unha adecuada exposición dos principais condicionantes cun desenvolvemento detallado.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutro escala de influencia na obra,

Se considera que a xustificación non se adecua convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento adecuado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta e dos condicionantes. Sen embargo se considera que non se desenrola convenientemente as actividades importantes da obra polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado.** Ademais non se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado,** alcanzando unha puntuación de **4,2 PUNTOS.***

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 6 puntos.

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxías, usos específicos do entorno).

En canto ao tráfico presentase un análise da circulación do entorno.

Da climatoloxía, destácase a importancia do vento na obra e plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas.

Tamén se describe os servizos soterrados nos baixos: rede de rego, abastecemento e saneamento.

Destácase ademais as instalacións propias do estadio (iluminación, sonido, video vixilancia), apoiado con fotografías.

Se considera un desenvolvemento detallado e gráfico das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico e climatoloxía, no relativo a usos do entorno non se destaca os diferentes locais e usos da propia grada nin dos arredores.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno . Ditós aspectos reconsllense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Plantexa o licitador a execución da obra en tres fases tendo en conta a afección a usuarios, fase 1, vestuarios e accesos, fase 2 nova cuberta de tribuna e fase 3 palcos e actuacións baixo a grada de tribuna. Este faseado non é dependente da temporada de uso do estadio, polo que a afección aos usuarios do estadio é considerable. Ademais se plantexa a execución con dobre turno de traballo e respetando as horas puntas de afluencia a Citroen, para reducir os tempos.

Inclúese unha distribución gráfica da ocupación en pranta atendendo ao resto de condicionantes do entorno.

Presenta gráficamente unha proposta de circulación según as diferentes fases de obra, incluíndo un parque de maquinaria taller e acopios nunha parcela da súa propiedade a 900 metros de distancia do estadio.





Expte. 3.392/440

Se consideran adecuadas e detalladas as medidas consideradas, apoiadas en abundante información gráfica.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con información gráfica. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente os condicionantes externos do entorno da obra polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,1 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra.

Dimensionase a maquinaria máis pesada e instalacións.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos rendementos das unidades e equipos pero non se desenvolve as relativas a persoal.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

Aporta un extenso diagrama de Gant con todas as unidades de obra e indicación do camiño crítico e asignación de equipos no propio diagrama. Non se recolle diagrama de holguras do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación salvo no relativo ao camiño crítico, que non se detalla coa representación dun diagrama de holguras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia, salvo no relativo a planificación de medios persoais, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado e no relativo ao camiño crítico que se considera que non está correctamente desenvolto, polo que se*





Expte. 3.392/440

desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado alcanzando unha puntuación de 4,2 PUNTOS.

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,07 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 5 puntos.

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Propón unicamente unha terna de empresas externas para a realización dos ensaios de calidade. Considerase que non se desenvolve ningunha medida para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a execución.

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensaios, segundo presuposto adxunto. Recolle diversidade ampla de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra (formigón, aceiro, cubrición, albañilería, pavimentos, carpintería, instalacións...). Recolle ensaios de comprobación das hipótesis de proxecto, de control do vento e humedade e diversidade ampla de novos ensaios de unidades de control de execución.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras e control de execución, comprobación das hipótesis de proxecto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos, pero botase en falta o desenrolo das medidas para garantir a calidade polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Así mesmo presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, incluso ensaios de control das condicións de contorno existente e das comprobacións de proxecto polo que se alcanza unha puntuación de 2,55 PUNTOS.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxeto da obra.

Indicase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2015 10:46	Páxina 31 de 71
	Expediente 3392/440	Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 3.392/440

Se recollen a maiores descripción detallada dos puntos de inspección adaptados a obra.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización adicada ao control de calidade.

Incluese organigrama e aseguramento da calidade con descrições das funcións de cada un dos postos, e asignación de persoas, pero escaso de definición e adaptación a obra.

Non se presenta un adecuado desenrolo da organización adicada ao control de calidade xa que se plantexa un organigrama xenérico.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos, salvo no referente a organización adicada ao control de calidade, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 3,28 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con **ata 4 puntos**.*

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético e redución de consumo de auga, redución de consumo de combustibles. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

Se destaca tamén que o licitador posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.*

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.





Expte. 3.392/440

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas. Indicase así mesmo tipoloxía de residuos adaptados a obra en concreto.

Proponse ubicación de punto limpo ubicado frente a grada de Tribuna, e da balsa de lavado de canaletas e maquinaria e medición de ruído.

Para o tratamento de parte dos residuos a empresa presenta compromisos con empresas autorizadas .

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase un desenvolvemento detallado e adaptado a realidade da obra, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 4,55 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con **ata 3 puntos**.*

a) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos.

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

O licitador presenta un organigrama adecuado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Así mesmo presenta unha detallada descripción das funcións de cada un, incluso especificacións según as diferentes fases de obra.

Se considera unha exposición detallada e adaptada a obra.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio o resto do persoal, valoraranse a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acredita en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Proponse un equipo técnico composto de 6 técnicos superiores e 8 técnicos de grado medio, coa dispoñibilidade 100% do xefe de obra e de produción e parcial o resto de técnicos, e ampla experiencia en obras similares como o estadio de San Mamés en Bilbao (50 millóns de euros).

Considerase adecuado a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenrolo da obra e experiencia en obras similares.





Expte. 3.392/440

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execucion da obra en funcións das competencias de cada un.
Se recolle compromiso específico.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Preséntase un desenvolvemento detallado do equipo técnico proposto, alcanzando unha puntuación de 3 PUNTOS.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 34 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
UTE C D INDEPO, S.L.U – AVAN INTEGRAL, S.L. -HIDROMIÑO, S.L.**

A oferta presentada cumpre os criterios de presentación dos arquivos, no referente a peso e extensión recollidos nas FEC para cada un dos apartados:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA A PRESENTE OFERTA.

O contido da oferta para os catro criterios e os apartados que compoñen cada un de eles, é sensiblemente coincidente coa oferta presentada polo licitador CIVIS GLOBAL, incluíndo a mesma redacción, fotografías, gráficos, resúmenes, esquemas...etc. Presenta mínimas diferencias, que en todo caso non afectan ao contido valorado nin aos criterios de puntuación.

A vista do anterior, o análise xustificativo e valorativo da presente oferta, coincide exactamente có da oferta do licitador CIVIS GLOBAL, polo que a valoración para todos e cada un dos criterios e os apartados que os conforman tamén e coincidente exactamente coa do licitador CIVIS GLOBAL, o cal se reflicte na tabla adxunta.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2015 10:46	Páxina 35 de 71
	Expediente 3392/440	Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
CIVIS GLOBAL, S.L.U.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 9,53 MB e 59 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **18 puntos**.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos.

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra, describindo as actividades importante da execucion da mesma.

A memoria presenta unha descrición xeral da obra detallado con abundante información gráfica. Describense así mesmo os procesos construtivos máis importantes. Destaca: 1) a demolición de cuberta, a desmontaxe das góndolas, apuntalamentos, modificacións das condicións da estrutura existente, reforzo de pilares, plataforma de levantamento das góndolas, anclaxe a estas, corte, izado, fragmentación... e 2) a montaxe da nova cuberta, onde se detalla con abundante información gráficas das diferentes fases, colocación metálicos, ampliación da losa, colocación de estrutura, colocación de canlales, subestructura, colocación de chapa.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Destaca como condicionantes, detallando a xustificación, os seguintes: -Propón a execución dun estudio xeotécnico na zona de apilado e trozeado das góndolas de cuberta, -o proceso de demolición de cuberta, destacando o necesario mantemento do equilibrio da estrutura e na suxeición das góndolas, propondo solucións, -presencia do amianto e o seu tratamento, -implantación de casetas, --climatoloxía, -organización da obra en función dos partidos en casa do Celta.

Se considera unha adecuada exposición dos principais condicionantes cun desenvolvemento detallado.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execucion da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes indicados en apartados anteriores, se inclúe a peculiaridade de cada un e a súa incidencia, pero non se cuantifica en porcentaxe, prazo ou noutro escala de influencia na obra,

Se considera que a xustificación non se adecua convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

Páx. 36 de 71





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta e dos condicionantes. Sen embargo se considera que non se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de 5,1 PUNTOS.

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 6 puntos.

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxias, usos específicos do entorno).

Preséntase un plano detallado da distribución de tódalas instancias do Estadio de Balaidos, ademais analízase gráficamente as entradas a grada afectadas así como os diferentes locais comerciais.

Resalta con información gráfica as actividades do entorno (citroen, colexio, AAVV...)

En canto ao tráfico preséntase un análise da circulación do entorno do estadio incluíndo as diferencias nos días de partido.

Da climatoloxía, destacase a importancia do vento na obra e plantéxase coeficiente reductores para cada actividade según a influencia das condicións meteorolóxicas.

Tamén se describe os servizos soterrados nos baixos: rede de rego, abastecemento e saneamento.

Destácase ademais as instalacións propias do estadio (megafonía, cámaras, alumbrado, tornos, caefacción...), apoiado con fotografías. Tamén se destaca o calendario de actividades do estadio incluíndose estes días dentro dos coeficientes para o cálculo de rendementos.

Se considera un desenrolo detallado e gráfico das principais afeccións do entorno, no referente a tráfico, climatoloxía e usos do entorno.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno . Ditros aspectos reconsllense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Plantexa o licitador a execución da obra en dúas fases tendo en conta a afección a usuarios, delimitadas pola finalización da temporada de liga de fútbol.

O licitador propón a instalación dunha estación meteorolóxica portátil para coñecer a influencia in situ do vento, humedade... en cada fase de obra.





Expte. 3.392/440

Incluese unha distribución gráfica do campamento de obra atendendo ao resto de condicionantes do entorno.

Presenta gráficamente unha proposta de circulación por fases de obra, incluíndo un parque de maquinaria na rúa Florida e aparcamento adicional a 700 metros de distancia.

Se considera adecuadas e detalladas as medidas consideradas, apoiadas en abundante información gráfica.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das afeccións dos condicionantes externos como das medidas que permiten simultanear a obra coas actividades do entorno, con abundante información gráfica, polo que neste apartado alcanza unha puntuación de **6 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

Presenta a oferta un organigrama do persoal.

Indicase os rendementos e dimensionamento equipos, así como as actividades asociadas a cada equipo.

Recollense os rendementos das diferentes unidades de obra

Dimensionase o espazo necesario de acopios e instalacións necesarias do campamento de obra, así como da maquinaria máis pesada.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

Aporta un extenso diagrama de Gant con todas as unidades de obra e indicación do camiño crítico e asignación de equipos no propio diagrama. Non se recolle diagrama de holguras do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación salvo no relativo ao camiño crítico, que non se detalla coa representación dun diagrama de holguras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia, salvo no relativo ao camiño crítico que se





Expte. 3.392/440

considera que non está correctamente desenvolto, polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de 5,1 PUNTOS.

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: *O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,15 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 5 puntos.*

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Inclúese unha proposta de control xeométrico.

Considérase que non se desenvolve en detalle as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar, xa que unicamente presenta un control xeométrico.

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a execución.

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensaios, segundo presuposto adxunto por subcontrata. Recolle diversidade ampla de ensaios dos diferentes materiais a empregar na obra de saneamento, cuberta, acondicionamento xeral (materiais, reparacións, hormigón). Recolle ensaio xeotécnico do terreo existente e diversidade ampla de novos ensaios de unidades de control de execución.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras e control de execución, sen embargo non propoñen ensaios de comprobación das hipótesis de proxecto nin de comprobación da estruturas existente durante o avance da obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considerase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos, pero botase en falta desenrolo das medidas para garantir a calidade polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado. Así mesmo presenta diversidade de ensaios, todos eles adecuados a obra, pero non plantexa unha adecuada proposta de ensaios de control das condicións de contorno existente nin das comprobacións de proxecto polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de 2,10 PUNTOS.

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.





Expte. 3.392/440

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxeto da obra.

Indícase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.

Incluese unha descripción xeral dos procesos: estudio documental, identificación das compras, zonificación da obra, programa de obra e seguemento, control da maquinaria de obra, control dos equipos de inspección, medición e ensaio, inspeccións, identificación e trazabilidade e rexistro de non conformidades.

Describe especificamente o control de obra: estudio plan de ensaios, provedores, control documental.

Así mesmo, o licitador oferta o emprego da metodoloxía BIM para o control e seguimento dos traballos.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización adicada ao control de calidade.

Incluese organigrama e aseguramento da calidade xenérico con descripciones xenericas das funcións de cada un deles.

Se destaca tamén que o licitador posúe sistema de xestión da I+D+i certificado según a norma UNE 166.002:2006.

Non se presenta un adecuado desenvolvemento da organización adicada ao control de calidade xa que se plantexa un organigrama xenérico.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos, salvo no referente a organización adicada ao control de calidade, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,52 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 4 puntos**.*

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de consumo enerxético, redución de consumo de auga, redución de consumo de combustibles e outros produtos. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 40 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

Se destaca tamén que o licitador posúe sistema de xestión ambiental, certificado según a norma ISO 14001:2004.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo enerxético e se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado por falta de desenvolvemento das medidas para reducir o consumo de materias primas, que sumado o desconto anterior se alcanza unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.*

b) Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Estas medidas presentadas son xenéricas.

En canto a recollida selectiva e reciclado o licitador plantexa unha serie de accións xenéricas.

Proponse ubicación de punto limpo dependendo da fase da obra, na fase 1 ubicación baixo os soportales, e nunha segunda fase a ubicación entre Tribuna e marcador.

Para o tratamento de parte dos residuos a empresa pon a disposición planta machacadora ubicada dentro do municipio de Vigo, indicase así mesmo os recorridos de transporte de residuos. Ademáis presenta compromisos con empresas autorizadas .

Detallase así mesmo o procedemento a seguir para a retirada de amianto. procesos xenéricos de reciclado según a tipoloxía de material.

Noutro orden de cousas, proponse como parque de maquinaria parcela propiedade do licitador situada na rúa Florida.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase un desenvolvemento detallado e adaptado a realidade da obra, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA.





Expte. 3.392/440

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,11 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 3 puntos.

a) Memoria descritiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos.

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

O licitador presenta un organigrama adecuado do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Así mesmo presenta unha detallada descripción das funcións de cada un.

Non se detalla o organigrama según o avance temporal das obras nin especificacións según as fases de obras.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio o resto do persoal, valoraranse a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acredita en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Proponse un equipo técnico composto de 7 técnicos superiores e 5 técnicos de grado medio, con unha dispoñibilidade do 100%.

Considerase adecuado a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolvemento da obra, se embargo estes non acreditan excesiva experiencia en obras similares.

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o periodo de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un.

Se recolle compromiso específico

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Respecto ao primer apartado, non se considera desenvolvemento temporalmente o organigrama, polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado. Ademais os técnicos propostos non presentan cualificación acreditada en obras similares, polo que tampouco se considera desenvolvemento este punto, polo que se desconta a maiores un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de 2,10 PUNTOS.





Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
UTE MANTEN, S.L. - ALDESA CONSTRUCCIONES, S.A.**

A oferta presentada cumpre os criterios de presentación dos arquivos, no referente a peso e extensión recollidos nas FEC para cada un dos apartados:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA A PRESENTE OFERTA.

O contido da oferta para os catro criterios e os apartados que compoñen cada un de eles, é sensiblemente coincidente coa oferta presentada polo licitador CIVIS GLOBAL, incluíndo a mesma redacción, fotografías, gráficos, resúmenes, esquemas...etc. Presenta mínimas diferencias, que en todo caso non afectan ao contido valorado nin aos criterios de puntuación.

A vista do anterior, o análise xustificativo e valorativo da presente oferta, coincide exactamente có da oferta do licitador CIVIS GLOBAL, polo que a valoración para todos e cada un dos criterios e os apartados que os conforman tamén e coincidente exactamente coa do licitador CIVIS GLOBAL, o cal se reflicte na tabla adxunta.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 43 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,54 MB e 37 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 18 puntos.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos.

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra, describindo as actividades importante da execucion da mesma.

A memoria presenta unha descrición xeral da obra indentificando as seguintes aspectos: demolición da cuberta actual, construción de una nova cuberta , o que xenera unha fachada adiantada, para o que é necesario efectuar reforzos estruturais, adecuando os palcos en zonas reservadas. Para a continuación proceder a describilas de forma detallada con gráficos, facendo unha mención a situación actual das góndolas, e proceder a describir a forma de demolición das mesmas en cuberta, a súa retirada, e nova contrucción da cuberta e fase de acabados.

Aportan un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, pero botase en falta que non existe ningún tipo de desenrolo adecuado que xustifique as obras de acabados na parte inferior das gradás.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Destaca como condicionantes, ademais dos administrativos como con maior incidencia a necesidade de arriostamento das góndolas .

Non se considera desenrolado adecuadamente a descrición de condicionantes, así como a falta de varios que inciden sobre as obras en si.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes indicados en apartados anteriores, non se desenrola convintemente, nin descriptiva nin gráficamente, a variedade de afeccións que poden incidir sobre a execución das obras.

Se considera que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, e ademais nos se gradúa o condicionante.





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

Non se considera un desenvolvemento detallado a proposta efectuada, polo que se desconta un 30% da puntuación máxima do criterio neste apartado, e minorarase ademais por falta de criterios ao non graduar as incidencias, polo que se desconta un 15% a puntuación máxima
b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 6 puntos.

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxias, usos específicos do entorno).

A proposta presentada en canto a condicionantes externos a obras, enumera dous condicionantes como son o tráfico e a necesidade de ocupar gran espacio no exterior, así como o mantemento de actividade no estadio durante a liga.

Non se considera a descrición proposta como un desenrolo detallado da actuación que se propón, como tampouco se aporta ningún tipo de calendario da actividade do estadio.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno . Ditos aspectos recollense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Plantexa o licitador a gran ocupación do espazo exterior, para acopios e campamento de obra así como as interferencias no tráfico, así como a necesidade de continuar coa actividade do estadio durante a execución, así como nos locais do propios estadios, e predenden executar a obras en catro fases, intercalando os espazos dispoñibles na grada coa intervención sobre a cuberta.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Non se considera un desenvolvemento detallado adecuado a proposta efectuada, polo que se desconta un 30% da puntuación máxima do criterio neste apartado, e minorarase ademais por falta de criterio polo que se desconta un 15% a puntuación máxima por aspectos non desenrolados alcanzando unha puntuación de 3,30 PUNTOS.

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2015 10:46	Páxina 45 de 71
	Expediente 3392/440	Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 3.392/440

Aporta o solicitante un estudio de rendimentos a base a climatoloxía existente baseada en datos xenéricos para o lugar así como a redución por xornadas labolais, aportan unha táboa con rendimentos previsibles obtidos a base de aplicar coeficientes de rendimentos.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra, pero botase en falta un desenrolo adecuado dos equipos.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

Aporta un extenso diagrama de Gant con totalas unidades de obra indicación do camiño crítico que ademais recolle a posibles holguras na execución, así como se aporta a planificación das inversións.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación salvo que non adscriben os equipos as unidades de obras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase un desenvolvemento gráfico adecuado de algúns puntos incluídos no enunciado, pero botase en falta da relación dos medios equipos personal **se desconta un 15% da puntuación máxima** e no aspecto de coherencia no se desenrolan adecuadamente a adscripción as unidades de obra polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **4,20 PUNTOS**.*

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: *O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,36 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 5 puntos.*

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Presenta unha memoria descriptiva na que fan un seguimento da execución a desviación con respecto ao proxecto, controis en canto a a recepción de materiais, así como seguimento da obra en papel e soporte informático, con variedade de auditorias programadas.

A proposta presentada considerase que e unha proposta desenrolada superficialmente.

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a execución.





Expte. 3.392/440

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensayos, en cada partida segundo presuposto adxunto suscrito pola propia adxudicataria. Recolle o plan presentado una descripción muy xenérica.

Presenta un plan de ensayos a maiores que non estan correctamente desenrolados e descritos nas unidades de obra que inciden, estimando que dito plan proposto e muy xenérico.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase que presenta un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos, salvo no referente as medidas concretas aplicables a obra para garantir a calidade polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxeto da obra.

Indicase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008.

Describe de forma desenrolada un procedemento específico así como determina a normativa que lle e de aplicación, determina uns procedementos específicos tanto para a compra como as subcontratas, revisión de marcados de calidade nos materiais, tanto de fabricación como de recepción, comprometéndose no propio desenrrolo das obras en aspecto arboreo o piramidad dividindo o control en seccións, trozos, partes, elementos e lotes, fixando os criterios de produción da unidade da calidade e suministrador.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización adicada ao control de calidade.

Incluese organigrama e aseguramento da calidade

Presenta un desenvolvemento adecuado pero non se efectua o desenrrolo adecuado das funcions de cada un dos compoñentes

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase que presenta un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos, salvo no referente as medidas concretas aplicables a obra que non se aporta unha descripción detallada das funcions para garantir a calidade, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*





Expte. 3.392/440

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 1,27 MB e 15 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 4 puntos.

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

A empresa dispón do certificado ISO 14001:2004, pon en práctica programas que aborda os aspecto de repercusiones ambientais, gestion de consumos, reutilizacion e eliminación de residuos, prevención de emisións e vertidos accidentais, información no interior mediante instrucións, e informe no exterior. Dispón de compromiso de xestión de residuos co xestor externo.. Tódalas medidas presentadas son xenéricas.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considérase que presenta un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos, salvo no referente as medidas concretas aplicables a obra non se aporta unha descrición detallada das actuacións, polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio de consumo de enerxía e se desconta outro 15% da puntuación máxima do criterio de materias primas neste apartado, alcanzando unha puntuación de 1,40 PUNTOS

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera e plantexa unha serie de medidas como a inspección, construción, maximo reciclado e reutilización, e limpeza de todo tipo de transporte, con indicación da práctica de recollido de residuos en contenedores, para elo dispón de compromiso de xestión de residuos con xestor externo.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desvoltas para a obra concreta, polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, botase en falta a adecuación a obra do punto limpo polo que se desconta outro 15% da puntuación máxima , alcanzando unha puntuación de 1,40 PUNTOS.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2015 10:46	Páxina 48 de 71
	Expediente 3392/440	Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 3.392/440

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,75 MB e 19 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 3 puntos.

a) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos.

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

O licitador presenta un organigrama do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Así mesmo presenta unha detallada descripción das funcións de cada un.

Non se detalla o organigrama según o avance temporal das obras nin especificacións según as fases de obras.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio o resto do persoal, valoraranse a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acreditada en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Proponse un equipo técnico composto de 5 técnicos superiores e 5 técnicos de grado medio, con unha dispoñibilidade parcial de dous técnicos superiores sin determinar e o resto dedicación total.

Considerase adecuada a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolvemento da obra, nembargantes estes non acreditan excesiva experiencia en obras similares.

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un.

No documento presentado adscriben o equipo a obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Respecto ao primer apartado, non se considera desenvolvemento temporalmente o organigrama, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais os técnicos propostos non presentan cualificación acreditada en obras similares, polo que tampouco se considera desenvolvemento este punto, polo que **se desconta a maiores un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **2,1 PUNTOS**.





Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
UTE CNES OREGA, S.L. - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 8,90 MB e 54 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 18 puntos.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos.

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxeto da obra, describindo as actividades importante da execucion da mesma.

Presentan unha memoria que recolle unha descrición xeral da obra, que vai incidindo sobre as unidades mais importantes a executar, facendo unha importe descricion acompañada de gráficos para a desmontaxe das bañeiras, propón a súa vez e de forma solapada a éste o reforzo de estrutura existente, para a continuación proceder ao montaxe da nova estrutura espacial, coa proposta de acopio en zona de implantación, ensamblado e izada e colocación da mesma, con ampla definición de un dos componentes de dita estrutura, para posteriormente proceder a colocación de chpa no exterior, sobre subestrucutra, utilizando para elo autogrúas y andamios, describe a continuación os apartados de albañilería, revestimentos, pavimentos e falso teito, intercalando entre estas os apartados de instalacións, reflexado todo elo en gráficos sobre os planos.

Considerase un desenvolvemento detallado tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Fixa como condicionante, a execución en faseados, coa finalidade de que as reformas interiores e o resto das obras importantes reflexadas e descritas no apartado anterior se vaian intercalando, coa finalidade de non afectar ao mantemento da actividade, para o que determina como condicionante muy específico a demolición das góndolas de cuberta, e a súa retirada.

Considerase unha adecuada exposición dos principais condicionantes pero botase en falta a incidencia do calendario de liga e actividade do estadio.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execucion da obra.

Neste apartado vai describindo o grado de incidencia en cada unha das fases, facendo una breve descrición en canto ao tempo de execución, indicando en gráficos o seu seguimento. Indicando a necesidade de peche de unhas zonas e traslado a outras. Prevé tamen a execución de desmontaxe das góndolas en época de actividade do estadio.

Páx. 50 de 71





Expte. 3.392/440

A súa vez recolle como grado de incidencia os horarios de actividade da zoa industrial, que prevé a necesidade aparte do valado de obra el corte de circulación via existente en la zona. Acompañado a proposta de gráficos.

Considerase que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado, ao non presentar o grado de incidencia.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Si ben presenta un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta e dos condicionantes. Considerase que a falta de desenrolo adecuado a previsión da actividade do estadio incide nos condicionantes, por tal motivo **se desconta un 15% da puntuación máxima** e tampouco non se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **4,20 PUNTOS**.*

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 6 puntos.

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxías, usos específicos do entorno).

Presenta unha relación descriptiva e gráfica dos condicionantes que afectan ao desenrolo da obra, partindo do tráfico que rodea a zona, que implica un alto de grado de incidencia, a separación entre a zona de trafico e a obra, que fai necesaria a súa regulación debido a existencia de transportes especiais, preservar o tráfico peonil na zona, creando espazos de andamiaxe o cal se describe e grafia, cita a continuaión condicionante meteorolóxico, e xornada laboral.

Si ben se describen unhas accions sobre a obras executar, se bota en falta, neste apartado os usos propios do edificio do estadio, asi como a falta de numerar os resto de actividades no entorno.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno . Ditos aspectos recollense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Considerase que a proposta plantexada, non desenrola de forma detallada as actuacións necesarias para simultanear a execución das obras, prevé a execución da cuberta durante a fase de actividade do estadio, pero non chega a propor medidas amplamente desenroladas para simultanear a actividade coa obra, sendo meros esquemas de intencións.





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que non ten un desenrolo detallado dos puntos incluídos no enunciado, xa que nótase a falta de descripción falta de grafía que presenten un correcto plan que recolla as medidas a adoptar coas actividades cotias do entorno. Polo tanto non se desenrolla convenientemente o grado de incidencia, polo que se **desconta un 30% da puntuación máxima**. A súa vez non se desenrolla correctamente e existe unha falta de criterios, en canto as afeccións, Polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima**. Alcanzando unha puntuación de **3,30 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

Plantexan unha programación da obra baseándose nunha ferramenta informática, partindo en primeiro lugar do dimensionado dos equipos, aplicándolles a continuación os coeficientes reductores, co que propoñen unha taboa con unidades de obra, e obtendo o rendimento real de cada unidade segundo os equipos e coeficientes reductores correspondentes.

Propoñen tamen un faseado da obra para unha mellor execución e rendementos dos equipos.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

Aporta un extenso diagrama de Gant con todas as unidades de obra e indicación do camiño crítico.

Se considera un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación salvo no relativo ao diagrama de holguras que non especifica, e falta a asignación no diagrama de Gant dos equipos.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia, salvo no relativo a non existencia de un diagrama de holguras que implica que o camiño crítico non está correctamente desenvolto, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,1 PUNTOS**.*

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2015 10:46	Páxina 52 de 71
	Expediente 3392/440	Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expte. 3.392/440

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,651 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 5 puntos.

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Propón un plan esquemático de control de materiais e execucion suscrito por empresa colaboradora externa. Con dita relación de probas non se acompaña ningún tipo de descripción ao respecto

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidades de obra a controlar durante a execución.

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensayos, en cada partida segundo presuposto adxunto por subcontrata externa. Recolle conceptos de unidades de saneamento, cuberta, acondicionamento xeral (materiais, reparacións, formigón, control de execución).

Considérase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, no referente as medidas para garantir a calidade salvo que non se aporta ningún tipo de desenrolo para describir as probas e controis que se pretenden efectuar, polo tanto **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **2,55 PUNTOS**.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxeto da obra.

Propoñen unha metodoloxía en 3 fases a contratación e inicio, control da execución e control da obra terminada. Pasan a continuación a indicar que polo personal asignado se recopile a correspondente documentación coa finalidade de adoptar criterios e fixar o procedemento a seguir, frecuencia etc. Para determinar procedos de funcionamento, marcando a trazabilidade relacionada coa xestión de calidades se determina que se efectúen informes diarios, mensual ou





Expte. 3.392/440

trimestral e final. Ditos procedementos seguirán unhas directrices fixadas na metodoloxía proposta e aprobada.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización adicada ao control de calidade.

Incluese organigrama e aseguramento da calidade axeitado a obra proposta, con descripcións xenericas das funcións de cada un deles.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos, alcanzando unha puntuación de **2,00 PUNTOS**.*

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,52 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con **ata 4 puntos**.*

a) Memoria descritiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

Resume as medidas a adoptar en 18 puntos dende a formación pasando por medidas de planificación e pechando con actuacións concretas, e describen a posibilidade de maior utilización de materiais reciclados, con un grado de reciclabilidade superior ao 50%, plantexando tamen como medida de aforro dotar as casetas de obra de paneis solares.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

*Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas correctamente para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio de consumo de enerxía e **se desconta outro 15% da puntuación máxima** do criterio de materias primas neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.*

b) Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. Incluído no programa de xestión ambiental de terras e materiais de obras; dito programa é para controlar polo técnico de medio ambiente Estas medidas presentadas son xenéricas.





Expte. 3.392/440

En canto a recollida selectiva neste apartado botase en falta a adecuación a obra da ubicación do punto limpio.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Tódalas medidas presentadas para a redución das emisións contaminantes son xenéricas, e se considera que non están desenvolvidas para a obra concreta, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase un desenvolvemento detallado e adaptado a realidade da obra, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.*

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 4,80 MB e 20 follas, polo que non se superan os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 3 puntos.

a) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

O licitador presenta un organigrama do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Non se detalla o organigrama según o avance temporal das obras nin especificacións según as fases de obras, nin tampouco se desenrola as funcións de cada un dos técnicos.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio ao resto do persoal, valorarase a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acreditada en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Proponse un equipo técnico composto de 6 técnicos superiores e 1 técnico de grado medio.

Considérase adecuada a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolvemento da obra, se embargo estes non acreditan excesiva experiencia en obras similares, nin tampouco se xustifica a dedicación á obra.

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un.

No documento presentado adscriben o equipo a obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Respecto ao primeiro apartado, non se considera adecuadamente desenvolto o organigrama, nin a dedicación a obra, nin se detalla o organigrama segundo o avance temporal, polo que se





Expte. 3.392/440

*desconta un 30% da puntuación máxima do criterio neste apartado. Ademáis os técnicos propostos non presentan cualificación acreditada en obras similares, polo que tampouco se considera desenvolto este punto, polo que se **desconta a maiores un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,65 PUNTOS**.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 56 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
COPCISA, S.A.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 4,27 MB e 50 follas, polo que non se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 18 puntos.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos.

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra, describindo as actividades importantes da execución da mesma.

Describe na memoria, a relación das obras a executar, distinguindo dende o primeiro momento as obras a executar na zona interior e unha segunda referencia, a demolición da cuberta e a execución da nova cuberta, procedendo a continuación, a descrición pormenorizada das mesmas, sendo preceptivo a instalación de unha rede soterrada, coa finalidade de despxear o espacio existente da última obra (preferencia), facendo unha referencia aos materiais a empregar. Dando unha relevancia importante a parte de demolición da cuberta, así como o reforzo da estrutura existente, e a instalación da nova cuberta.

Considerase un desenvolvemento adecuado en canto a descrición.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Debido a importancia da demolición de cuberta fixa, como condicionante a zona de seguridade da obra, así como a necesidade de asegurar mediante tirantes o resto dos elementos de cuberta que non se retiran. Tamen se fai referencia a maquinaria, condicións climatolóxicas; prevén como condicionante o que esté en uso a nova grada de preferencia. Así como os traballos que inciden sobre as zonas de estancia de público. Indica tamen o entronque de gradas, que é necesario unha fase de obra que ten que ser executada fora da temporada de liga.

Considérase unha adecuada exposición dos principais condicionantes.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

Na descrición dos diferentes condicionantes indicados en apartados anteriores, inciden sobre a necesidade de manter operativo o uso do estadio na época da liga, fixan os condicionante atmosféricos, determinan o apuntalamente das bañeiras no aspecto da seguridade, así como a necesidade e o reforzo estrutural

Considerase que a xustificación non está correctamente desenrolada e detallada e ademais non se indica ningún tipo de graduación.

Páx. 57 de 71





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase un desenvolvemento detallado e adecuado. Non se desenvolve adecuadamente o grado de inciencia, polo que se desconta a maires un **15% da puntuación** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,10 PUNTOS**.*

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto á criterio do licitador: se valorará con ata 6 puntos.

- As afeccions dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxías, usos específicos do entorno).

Fai referencia neste apartado, a necesidade do movemento de maquinaria específica, asi como gran espacio para a zona de apoio, que afecta ao tráfico tanto rodado como peonil, coa agravante de ter que prever o uso de estadio durante a actividade, prevén afeccións por climatoloxía, dias laborais hábiles, control da contaminación acústica

Considerase un desenrrolo pouco detallado, ó non ter en consideración a totalidade dos usos e actividade existentes no entorno, botase en falta un calendario da actividade do estadio entre outros aspectos.

- As medidas que permiten simultanear a obras coas actividades cotiás do entorno. Ditos aspectos recollense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Plantea o licitador medidas nos aspectos de acceso de tráfico a zona de acopios e interior do local, si plantexa unha redución de xornais debido a climatoloxia e festas locais.

A proposta presentada considerase que non existe unha descripción ampla nin descriptiva nin gráfica e polo tanto non ten un desenrolo detallado.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Non se considera un desenvolvemento detallado no aspecto do grado de incidencia, dos condicionantes definidos polo tanto se desconta un **30% da puntuación máxima**, a sua vez tampouco se desenvolve nin se determina o grado de inciencia, polo que se desconta a maiores un **15% da puntuación do** criterio neste apartado. Alcanzando unha puntuación de **3,3 puntos**.*

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos.

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

Páx. 58 de 71





Expte. 3.392/440

Presenta neste apartado unha relación da maquinaria con descripción gráfica de cada maquina, asi como as suas características técnicas.

Aporta unha táboa coa configuración dos equipos tanto de medios manuais como maquinaria, en dita táboa inclue os coeficientes de minoración, por motivos climatolóxicos, aspectos de incidencias técnicas.

Considerase detallado o desenrolo efectuado dos medios propostos e necesarios para a obra.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

Aporta o diagrama de Gant con totalas unidades de obra e un análises do camiño crítico efectuando as indicacións de holguras posibles por unidades de obras, non aporta previsión de inversiones.

Considerase un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación salvo no aspecto que non se aporta nin se indica a previsión das inversiones.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado, en canto a planificación e xustificación da coherencia, polo que neste apartado, alcanza unha puntuación de **6,00 PUNTOS**.*

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,99 MB e 19 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **5 puntos**.*

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

Neste apartado aporta unha relación de ensayos tendentes a efectuar unha serie de ensayos no que respecta a materiais, e obra sin cuantificar.

Considerase que non se desenvolve nin describe en detalle as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar;

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a execución.

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensayos, en cada partida segundo ditos ensaios.





Expte. 3.392/440

Considerase que presenta un plan con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras, pero non concreta así nos aspectos da cuberta, soamente se prevé o control visual, polo que se estima que aínda estando desenrolado non contén todos os criterios.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considerase que non presenta un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos, polo que se desconta un 30% da puntuación máxima, minorándose un 15% da puntuación máxima do criterio debido a o deficiente desenrolo dos ensayos referente a obra, alcanzando unha puntuación de 1,65 PUNTOS.

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

Indicase que o licitador posúe sistema de xestión de calidade certificado según a norma ISO 9001:2008 e está en posesión da norma ISO 14001:2004, da norma BS OH SAS 18001:2007.

Presentan unha descripción xeral dos procesos: estudio documental, identificación das compras, zonificación da obra, programa de obra e seguimento, control da maquinaria de obra, control dos equipos de inspección, medición e ensaio, inspeccións, identificación e trazabilidade e rexistro de non conformidades. Descríbese especificamente o control de obra: estudio plan de ensaios, provedores e control documental. Presenta un procedemento específico para a instalación eléctrica.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización adicada ao control de calidade.

Non aporta ningún tipo de organigrama adscrito a o control de calidade da obra en concreto

Non se presenta un adecuado desenrolo da organización adicada ao control de calidade xa que se plantexa un organigrama xenérico.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Considerase que presenta un desenvolvemento xeral detallado dos puntos incluídos, salvo no referente a organización adicada ao control de calidade, polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de 1,70 PUNTOS.

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 5,00MB e 20 follas, polo que non se superan os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata 4 puntos.





Expte. 3.392/440

a) Memoria descriptiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos.

Presenta un listado tanto de residuos a producir como os posibles que poden ser obxecto de reciclaxe, ben na propia obra ou en centros específicos. Dispoñen do certificado ISO 14001, e poñen en valor que teñen un compromiso permanente co medio, determinan puntos de inspección aplicándolle procedementos específicos, dedicando un equipo de vixilancia coas funcións específicas, facendo unha especial incidencia nos aspectos do reciclaxe, reducións nas emisións a atmosfera e consumos.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvolvidas correctamente para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio de consumo de enerxía e **se desconta outro 15% da puntuación máxima** do criterio de materias primas neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,40 PUNTOS.**

b) Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

Propoñen na súa memoria a ubicación de espazos para a retirada de materiais, así como a súa categorización así como unha medición de materias clasificadas por tipoloxía, indicando o seu destino, propoñen a dous xestores autorizadas para a recollida selectiva.

As medidas propostas están axeitadas a obra e desenvolvidas, pero botase en falta a ubicación neste apartado do punto limpo na obras.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

A falta de ubicación do punto limpo na obra considerase un criterio non desenvolvido, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. En canto a recollida selectiva e residuos, considerase un desenvolvemento detallado e adaptado a realidade da obra, alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS.**

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA: O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 2,11 MB e 20 follas, polo que non se superan os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará **con ata 3 puntos.**

a) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos.

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.





Expte. 3.392/440

O licitador presenta un organigrama do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Non se aporta descrições das funcións do equipo proposto, Non se detalla o organigrama según o avance temporal das obras nin especificacións según as fases de obras.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio o resto do persoal, valorarase a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acreditan en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Proponse un equipo técnico composto de 3 técnicos superiores e 4 técnicos de grado medio, con unha dispoñibilidade parcial de un deles e o resto do 100%.

Considerase adecuada a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolto da obra, nembargantes estes non acreditan excesiva experiencia en obras similares.

- O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execucion da obra en funcións das competencias de cada un. No documento presentado adscriben o equipo a obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

*Respecto ao primeiro apartado, non se considera desenvolto temporalmente o organigrama, e falta a descrição das funcións polo que **se desconta un 30% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. Ademais os técnicos propostos non presentan cualificación acreditada en obras similares, polo que tampouco se considera desenvolto este punto, polo que **se desconta a maiores un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,65 PUNTOS**.*





Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
UTE IZMAR, S.L.U. - OGMIOS PROYECTO S.L. - UNIKA PROYECTOS Y
OBRAS, S.A.U.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 19,70 MB e 60 follas, polo que se supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 18 puntos, os cales se reducirán a metade o superalo tamaño máximo do arquivo, según o recollido no apartado 8.A. das FEC.

a) Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar: se valorará con ata 6 puntos.

- Aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra, describindo as actividades importantes da execución da mesma.

Presentan una descripción muy concreta e completa das obras a executar, con posterior desenrolo das obras a executar, demolición da actual cuberta, nova cuberta sobre malla espacial, nova zona de vestiarios baixo a grada de preferencia, adianto de fachada, reforzos da estrutura e reforma de placos.

Tamen describen esquemáticamente as obras pendentes na totalidade do estadio.

Coa descripción de cada unha das obras acompañanse gráficos e esquemas aclaratorios, Detalla e describe as actividades mais importantes na execución das obras, valeirado de tabiquería no interior, desmontaxe de cuberta, que se acompaña con unha descripción gráfica da forma de efectuala, reforzo da estrutura existente, execucion da estrutura da cuberta e colocación da malla espacial, colocacion da cuberta e carpintería interior y exterior, así como acabados na zona baixo graderíos, e instalacións de fontanería, calefacción etc..

Considerase un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta.

- Condicionantes definidos no proxecto.

Fixa como condicións que marcan o desenrolo das obras o calendario da liga de fútbol profesional, que condiciona a que o suministro de materiais sexa un condicionante muy especial, indican tamén como condicionante o que ao existir traballos en altura a acción do vento e un factor importante. Consideran tamén que o aspecto da acción do vento obriga a un rediseño e recálculo da estrutura. Tamén consideran un condicionantes o cambio de disposición das chapas de cuberta entre a zona de cuberta e a zona de fachada.

Se considera unha adecuada exposición dos principais condicionantes cun desenvolvemento detallado.

- Determinación do grado de incidencia dos condicionantes específicos nos apartados anteriores en relación a execución da obra.

Páx. 63 de 71





Expte. 3.392/440

Na descripción dos diferentes condicionantes indicados en apartados anteriores, inclúese a peculiaridade de cada unha e a súa incidencia. Plantexa como peculiaridade principal o suministro de materiais, para o que fan especial referencia á malla espacial, fixando a conveniencia e necesidade da comprobación dos cálculos, indicando que este proceso previo obriga a unhas medidas singulares e polo tanto é un factor importante para o suministro en prazo, toda vez que a execución das obras en fases implican a dependencia entre unidades de obra que condiciona as seguintes posta en obra.

Considérase que a xustificación non se adecúa convenientemente ao obxecto do apartado; aínda que sí existe unha graduación proposta en tempo, ésta solo afecta ao caso de que fose necesario un novo diseño de malla espacial, cuestión ésta, que non pode incidir sobre a execución das obras. E pola contra non indica ningún tipo de graduación para o resto dos condicionantes aos que se fai mención para a execución.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considérase un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos no enunciado, tanto das actividades importantes da obra como dos aspectos que inciden no desenvolvemento desta e dos condicionantes. Sin embargo considérase que non se desenvolve convenientemente o grado de incidencia dos condicionantes polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,1 puntos**. Tendo en conta de que se superan os límites máximos de peso do arquivo, deberá de reducirse a puntuación á metade. En consecuencia neste apartado a súa puntuación será de **2,55 PUNTOS**.*

b) Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto a criterio do licitador: valorarase con ata 6 puntos.

- As afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, climatoloxías, usos específicos do entorno).

Plantexan unha descripción dos condicionantes que afectan a execución das obras, describindo o tráfico existente facendo un desenrolo das características, indicando a gran afluencia de tráfico nunha das ruas, que ademais coincide co acceso as obras. Definen a existencia do río Lagares, indicando que son frecuentes os desbordamentos.

Adxuntan un plano gráfico indicando a ocupación e acceso proposto, así como a ubicación dos elementos auxiliares e acopios.

Tamén aportan unha descripción da maquinaria a utilizar.

Fixan condicionates climatolóxicos, cifrando fontes como aemet, tanto para temperatura como días de choiva e vento determiando segundo ditos parámetros un coeficiente reductor, segundo a





Expte. 3.392/440

unidade de obra a executar, tanto para a maquinaria como para o persoal. Tamén describe os equipamentos próximos (locais no propio edificio realizando unha descripcion dos mesmos.

Considérase un desenrolo detallado e gráfico das diferentes afeccións do entorno.

- As medidas que permiten simultanear as obras coas actividades cotiás do entorno . Ditos aspectos reconslense no proxecto de maneira indicativa, polo cal deben de detallarse conxuntamente coa proposta de execución da obra.

Plantexan a sinalización das actividades a executar. Propoñen unha solución para os percorridos de vehiculos e peoniles, segundo a fase de obra que corresponda; enumeran os aspectos que inciden sobre a execucion das obras, entre outras a utilización de maquinaria eléctrica para evitar emisións de ruidos, pero non se concreta o posible faseado de obras para compatibilizar co entorno, aínda que plantexan grafía variada, pero que non resolve as afeccions indicadas.

Considérase que neste apartado non existe un desenrolo detallado dos aspectos enunciados con anterioridade en que non son tidos en conta.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Existe un desenvolvemento detallado do primeiro punto do enunciado, pero que non recolle as solucións propostas coa totalidade das afeccións indicados, polo tanto non existe un desenvolvemento detallado, polo que se **desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado, alcanzando unha puntuación de **5,1 puntos**.*

c) Proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra: se valorará con ata 6 puntos

- A planificación da obra en relación a determinación dos medios necesarios para a execución da mesma, tales como persoal, instalacións, equipos e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

Propoñen unha secuencia das obras a executar, comenzando pola delimitación da superficie necesaria para ubicación de acopios e elementos auxiliares. Fixan a condición de o funcionamento do estadio para permitir o desenrolo normal da liga, realizando os vallados e condicionando os accesos necesarios, para o desenrolo da actividade propia, para o cal propoñen tres accións como son a creación dun programa de traballo, seguimento do programa e produción de informes. Plantexan a configuración de cada equipo de traballo, asi como o seu rendimento tendo en conta os coeficientes correctores, e a súa relación coas unidades de obra a executar, do cal presentan un cuadro.

Considerase un desenrolo detallado e xustificado en relación aos medios necesarios na obra.

- A xustificación da coherencia da proposta en relación aos prazos de execución propostos. Deberá acompañarse coa representación gráfica adecuada temporalmente á peculiaridade da obra, co obxecto de facilitar o seguimento da mesma e especificando os camiños críticos.

Páx. 65 de 71





Expte. 3.392/440

Aporta un extenso diagrama de Gant con totaldas unidades de obra e indicación do camiño crítico e tabla de holguras posibles. Non se recolle no diagrama a asignación de equipos de traballo. Recóllese na taboa de rendimientos a asignación dos equipos de traballo unidades de obra, e tamén se aporta un programa de inversións.

Considerase un desenvolvemento gráfico detallado da proposta de planificación

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Se considera un desenvolvemento gráfico detallado dos puntos incluídos no enunciado en canto á planificación e xustificación da coherencia; alcanzando unha puntuación de **6,00 puntos**.*

Tendo en conta o establecido no apartado 8.A das FEC, dado que superan o límite máximo de peso do arquivo a puntuación deberá reducirse a metade polo que a puntuación deste apartado queda en 8,1 PUNTOS.

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 3,51 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 5 puntos.

a) Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: se valorará con ata 3 puntos.

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.

As dúas das empresas que compoñen a UTE están en posesión do certificado da ISO 9001. A oferta describe os aspectos concretos de organización, control equipos e medición, revisión do proxecto, inspeccións, planificación dos técnicos, compras e recepción de materiais, seguimento, control de documentación e informes e incidencias, desenrolando tales apartados; cada un deles, si ben trátase dun desenrolo xenérico.

Considerase que desenvolve en detalle as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar, si ben trátase dun estudio xeneralista .

- Plan específico de control de calidade no cal se indique a diversidade dos ensaios de control de calidade a executar, identificando as unidade de obra a controlar durante a execución.

Propón un plan de control de calidade, no que se realizan diversos tipos de ensayos, que recollen o control do proxecto, ensayos de materiais na súa recepción e control da excución, non se aporta valoración de ditao plan específico.

Considerase que presenta un plan detallado e adecuado con diversidade de ensaios nas diferentes unidades de obras.





Expte. 3.392/440

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

*Considerase que presenta un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos, polo tanto alcanza unha puntuación de **3,00 puntos**.*

b) Plan de auto control interno da empresa: se valorará con ata 2 puntos.

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra.

Describen os procedementos xerais a seguir como son analizar o contrato, estrutura de obra, inspeccións e ensayos do proceso, procedementos e instrucións, documentación, gestión de compra e colaboracións externas, control da recepción, acopio, transporte e manipulación, probas finais, equipos de medición e inspección, tratamento para as non conformidades, accións correctoras, Identificación e trazabilidade, rexistro de calidade e auditorías de calidade e informes a Dirección.

Todos eles se desenvolven a continuación para aplicar a cada unidade de obra a executar, indicando en cada un dos produtos a someter a recepción, manipulación, acopio e distribución, trazabilidade e control de contrato. Aportando un listado de tipos de controles, e fichas dos Programas de puntos de inspección (PPI's) e comprobación dos controles de calidade que aplican cada un dos provedores

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

- Organización adicada ao control de calidade.

Inclúese organigrama e aseguramento da calidade con descripciones detalladas das funcións e responsabilidade de cada un deles.

Considerase adecuado e detallado o plan proposto.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

*Considerase que presenta un desenvolvemento detallado dos puntos incluídos, polo que alcanzando unha puntuación de **2,00 PUNTOS**.*

A.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS.

*O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 3,02 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con **ata 4 puntos**.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2015 10:46

Páxina 67 de 71

Expediente 3392/440

Código de verificación: 2DE53-DE422-23E25-EEA32

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 3.392/440

a) Memoria descriptiva das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético ou de materias primas: se valorará con ata 2 puntos

Propoñen a implatación en obra dun sistema de gestion de calidade de I+D+i, de acordo as directrices das normas UNE ISO 9001, e 14001, coa finalidade de minimar os impactos.

Propoñen unha descripcion de accion a implantar segun o material a gestionar y enumeran unha serie de controles para garantir o correcto funcionamento, procedendo a continuación a determianción dos impactos que causan os materiais a empregar, propondo medidas de control e correctoras axeitadas.

Posteriormente plantexan un control sobre consumos, adoptando unha serie de medidas para a reducion dos mesmos. E incluso a previsión de instalación de paneis solares para reducir consumos..

Considerase que se desenvolve en detalle as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar, si ben e un estudio xeneralista.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO.

Tódalas medidas presentadas son xenéricas, e se considera que non están desenvoltas correctamente para a obra concreta, polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio de consumo de enerxia e se **desconta outro 15% da puntuación máxima** do criterio de materias primas neste apartado, alcanzando unha puntuación de **1,40 PUNTOS**.

b) Memoria descriptiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado: se valorará con ata 2 puntos.

A oferta enumera diversas medidas de redución de emisións contaminantes. cita unha sería de medidas que logo desarrolla no programa proposto. Tamen toma en consideración a estimacion de residuos o que efectua mediante a contratación de xestor externo, propón unha guia de xestion de residuos, os que cuantifica.

Considerase se desenvolve en detalle as medidas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar, si ben non se describe a ubicación do punto limpio.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

Tódalas medidas presentadas se considera que non están desenvoltas para a obra concreta, pero falta a adecuacion a obra do punto limpio polo que **se desconta un 15% da puntuación máxima** do criterio neste apartado. alcanzando unha puntuación de **1,70 PUNTOS**.





Expte. 3.392/440

A.4.- EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO Á OBRA: O arquivo dixital presentado para este apartado ten un peso total de 0,36 MB e 20 follas, polo que non se supera os límites de peso e extensión máximos recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata 3 puntos.

a) Memoria descriptiva do equipo técnico adscrito á obra: se valorará con ata 3 puntos

- Deberá contemplar un organigrama do equipo técnico humano que se propoña a adscribir a obra e describir os cometidos de cada un na execución da mesma.

O licitador presenta un organigrama do equipo técnico humano que se propón adscribir a obra. Así mesmo presenta unha detallada descripción das funcións de cada un.

Non se detalla o organigrama según o avance temporal das obras nin especificacións según as fases de obras.

- Especificaranse os profesionais que vaian a intervir como xefes de obra (valorarase que sexa técnico superior), responsable da produción, técnico de instalacións, oficina técnica de apoio o resto do persoal, valoraranse a súa dispoñibilidade e a súa cualificación acredita en obras similares tanto en características constructivas como en orzamento.

Proponse un equipo técnico composto de 9 técnicos superiores dos cales dous deles teñen dedicación o 50% e outros dous son de apoio estando o resto, con unha dispoñibilidade do 100%.

Considerase adecuado a proposición de técnicos en canto a cantidade e titulación para o desenvolvemento da obra, e tamen acreditan que o xefe de obra posúe experiencia en obras similares como e o caso da execución de partidas de cimentación, estrutura de formigón metálica no estadio San Mames, cun presuposto similar a esta obra

O licitador comprometerase a manter estes medios humanos durante todo o período de tempo que se precise durante a execución da obra en funcións das competencias de cada un.

Presentase compromiso de adscripción do equipo a esta obra.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA NESTE APARTADO:

Respecto ao primer apartado, non se considera desenvolvemento temporalmente o organigrama, polo que se desconta un 15% da puntuación máxima do criterio neste apartado. Obtendo unha puntuación de 2,55 PUNTOS.





Expte. 3.392/440

**(SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)
CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.**

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA:

Na proposta de Memoria Construtiva presentada polo licitador, no referente a planificación da obra, este fai referencia en diversas ocasións as melloras incluídas no anexo III do PCAP. Estas referencias se repiten na xustificación de rendementos (páxina 32), no personal asignado a execución da obra (páxina 34), no calendario de actividades (páxina 38), no diagrama de Gant (páxina 39), no diagrama do camiño crítico (páxina 40), no programa de traballo (páxina 41) e no diagrama de inversións (páxina 42). Estas referencias a melloras presentan un enunciado resumido, sin tanta descripción como as que se recollen no anexo III, pero se entende corresponden con estas.

A inclusión nos diferentes apartados da planificación temporal da obra das referencias as melloras, indica que o licitador asume a súa execución xa que as inclúe dentro da súa previsión de actuación. A vista de esto **se entende que o licitador propón a execución de tódalas melloras recollidas no anexo III do PCAP.**

As **Melloras ofertadas** é un criterio dos recollidos no PCAP, como **avaliabile a través de fórmula**, e según se indica no apartado 9.B) das FEC, deben ofertarse coas unidades previstas, sin minorar nin aumentar estas, polo que o licitador nos apartados indicados está detallando inequivocamente nesta fase de criterios avaliabile mediante xuízo de valor, información que é avaliabile a través de fórmula.

Na **cláusula 13-Forma en que deben presentarse a documentación e as proposicións** do PCAP, no seu apartado “b)sobre b: proposición avaliabile mediante xuízo de valor” se indica o seguinte:

“A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

➤ *A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC.”*

Tendo en conta o anterior, **non se valora a proposición presentada por SAN JOSE**, por incluír no sobre B información dos criterios que se valoran mediante fórmula é que deben ser aportados dentro do sobre C e aperturados con posterioridade a valoración da documentación recollida no sobre B.

Desta circunstancia **daselle traslado a Mesa de contratación, para que tome as medidas oportunas.**





Expte. 3.392/440

Analizadas, según estes criterios establecidos nas FEC do Prego de Cláusulas Administrativas particulares, as distintas ofertas, os resultados son os que se detallan na táboa que se achega como anexo I.

AC/ec

Vigo, na data da sinatura electrónica
O Enxeñeiro de Edificación

Aurelio Adán Fernández

CONFORME:

O Xefe de Área de Fomenro

Álvaro Crespo Casal

